



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

CONCELLO DE ABEGONDO

ANUNCIO

Convócanse as seguintes prazas para a contratación laboral temporal das persoas traballadoras desempregadas que desenvolverá a actuación denominada **“Traballos de silvicultura e de xestión da biomasa en espazos públicos do Concello de Abegondo”**, financiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a través do programa **APROL RURAL** exercicio **2020**:

- **1 tractorista**
- **3 peóns forestais**

Requisitos necesarios para poder optar a cada unha das prazas:

- Certificado de estudos primarios ou equivalente
- Galego (Celga 1 ou equivalente)

Conforme o previsto no artigo 14 da Orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG núm. 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020), o Concello realizará a selección do persoal a través da **presentación de sendas ofertas de emprego na oficina pública de emprego (Servizo Público de Emprego)**. Presentarase unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, conforme a codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO)

As ofertas coa petición de persoas candidatas para cada unha das prazas convocadas realizarase a partir do día 17 de xuño de 2020.

Polo tanto as persoas candidatas interesadas deberán cumprir os requisitos sinalados no citado artigo 14 e, en particular, ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados/as e estar dispoñibles para o emprego.

Publíquese este anuncio e as bases da convocatoria na sede electrónica (<https://sede.abegondo.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo.

Abegondo, 16 de xuño de 2020

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).